# MEMORIA

## *Área de Benestar, Saúde e Deporte*

Curso 2022/2023



Universidade Vigo

Área de Benestar, Saúde e Deporte

# *Índice*


1. ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS PROPIAS .... 3
   1.1. PERSOAS ABONADAS .... 3
   1.2. ACTIVIDADES DE USO LIBRE .... 4
   1.3. ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS .... 4
   1.4. ESCOLAS DE INICIACIÓN DEPORTIVA .... 4
2. ACTIVIDADES NA NATUREZA .... 6
   2.1. AUGAVENTURA .... 6
   2.2. EXPLORACAMPUS .... 6
   2.3. RUTAS CULTURAIS .... 7
3. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS .... 8
   3.1. COMPETICIÓNS INTERNAS .... 8
      *3.1.1. Ligas universitarias .... 8*
      *3.1.2. Campionatos individuais .... 9*
   3.2. CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS .... 10
      *3.2.1. Deportes colectivos .... 10*
      *3.2.2. Natación .... 10*
      *3.2.3. Orientación .... 11*
      *3.2.4. Vela .... 11*
   3.3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA .... 12
      *3.3.1. Modalidades de participación individual .... 12*
      *3.3.2. Modalidade de participación por equipos .... 13*
   3.4. COMPETICIÓNS INTERNACIONAIS .... 13
      *3.4.1. Xogos Mundiais Universitarios .... 13*
      *3.4.2. Campionatos universitarios do mundo .... 13*
4. DEPORTE FEDERADO .... 14
   4.1. CAMPUS DE OURENSE .... 14
      *4.1.1. Sección deportiva de baloncesto .... 14*
      *4.1.2. Club deportivo Dereito-Empresariais de tenis (acordo de colaboración) .... 14*
      *4.1.3. Club de Xadrez Ourensán Universitario (acordo de colaboración) .... 14*
      *4.1.4. Club Campus Ourense Rugby (acordo de colaboración) .... 15*
   4.2. CAMPUS DE PONTEVEDRA .... 15
      *4.2.1. Escola de xadrez Pontevedra – Universidade de Vigo (acordo de colaboración) .... 15*
   4.3. CAMPUS DE VIGO .... 16
      *4.3.1. Sección deportiva de tenis .... 16*
      *4.3.2. Sección deportiva de carreiras de orientación .... 16*
      *4.3.3. Sección deportiva de carreiras populares .... 17*
      *4.3.4. Kaleido Vigo Rugby Club (acordo de colaboración) .... 17*
5. PROMOCIÓN DA SAÚDE .... 18
   5.1. CUESTIONARIOS DE APTITUDE PARA O EXERCICIO .... 18
   5.2. VALORACIÓN FUNCIONAL .... 18
   5.3. ACTIVIDADES DA REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES PROMOTORAS DA SAÚDE .... 18
6. EVENTOS .... 19
   6.1. 6.1. ORGANIZADOS POLA ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE .... 19
      *6.1.1. Campus de Ourense .... 19*
      *6.1.2. Campus de Pontevedra .... 19*
      *6.1.3. Campus de Vigo .... 19*
   6.2. ACTIVIDADES DO ESTUDANTADO .... 19
      *6.2.1. Campus de Pontevedra .... 19*
      *6.2.2. Campus de Vigo .... 19*
   6.3. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES .... 20
      *6.3.1. Campus de Ourense .... 20*
      *6.3.2. Campus de Vigo .... 20*

6.4. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS ..... 21
*6.4.1. Campus de Ourense* ..... *21*
*6.4.2. Campus de Pontevedra* ..... *21*
*6.4.3. Campus de Vigo* ..... *21*

7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN ..... 22

7.1. PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR PRÁCTICA DEPORTIVA ..... 22
*7.1.1. Escolas deportivas* ..... *22*
*7.1.2. Representación da Universidade en competicións federadas* ..... *22*
7.2. BOLSAS E PRÁCTICAS DO ALUMNADO ..... 22
*7.2.1. Bolsas de formación complementaria: internacionalización e comunicación* ..... *22*
*7.2.2. Alumnado Erasmus en prácticas* ..... *22*

8. OUTRAS ACTUACIÓNS ..... 24

8.1. INTERNACIONALIZACIÓN ..... 24
*8.1.1. Participación na Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS)* ..... *24*
8.2. CALIDADE ..... 24
*8.2.1. Xestión de queixas e suxestións* ..... *24*
8.3. TRATAMENTO DA PERSPECTIVA DE XÉNERO ..... 24
8.4. APOIO A DEPORTISTAS DE ELITE ..... 26
8.5. ACTIVIDADE DE XESTIÓN E REPRESENTACIÓN ..... 26
8.6. PROGRAMA CORRESPONSABLES ..... 26

9. ALIANZAS ..... 27

9.1. CENTROS DEPORTIVOS COLABORADORES ..... 27
*9.1.1. Campus de Ourense* ..... *27*
*9.1.2. Campus de Pontevedra* ..... *27*
*9.1.3. Campus de Vigo* ..... *27*
9.2. NOVOS CONVENIOS E NOVOS ACORDOS DE COLABORACIÓN ASINADOS ..... 28

10. USOS DOS ESPAZOS DEPORTIVOS ..... 29

10.1. INSTALACIÓNS PROPIAS ..... 29
*10.1.1. Usos colectivos* ..... *29*
*10.1.2. Usos individuais* ..... *30*
*10.1.3. Relación das entidades usuarias* ..... *31*
*10.1.4. Campus de Ourense* ..... *31*
*10.1.5. Campus de Pontevedra* ..... *31*
*10.1.6. Campus de Vigo* ..... *31*
10.2. INSTALACIÓNS DE XESTIÓN ALLEA NOS CAMPUS ..... 33
*10.2.1. Campus de Ourense – Be One* ..... *33*
*10.2.2. Campus de Vigo - Instinto Deportivo Vigo* ..... *34*

11. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS ..... 35

11.1. ZONA WEB ..... 35
*11.1.1. Facebook* ..... *35*
*11.1.2. X* ..... *35*
*11.1.3. Youtube* ..... *35*
*11.1.4. Instagram* ..... *35*

# 1. ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS PROPIAS

## 1.1. Persoas abonadas

O abono mUVer da Área de Benestar, Saúde e Deporte proporciona acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante abano de actividades dirixidas, ademais de permitir gozar de descontos noutros servizos de pagamento. Durante o curso 2022/2023 houbo unha media mensual de 1406 persoas aboadas entre os tres campus, o que supuxo a recuperación de datos próximos aos do 2019 tras dous cursos coa actividade limitada polos efectos da pandemia da COVID.

| | Ourense | | | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Media mensual mUVers | 309,1 | 243,5 | 552,6 | 168,7 | 138,8 | 307,5 | 362,1 | 184,5 | 546,6 | 839,8 | 566,9 | 1406,7 |
| Porcentaxe | 55,9% | 44,1% | 39,3% | 54,9% | 45,1% | 21,9% | 66,2% | 33,8% | 38,8% | 59,7 % | 40,3 % | 100% |

A distribución entre xéneros foi dun 59,7 % de homes e 40,3 % de mulleres, o que supuxo a recuperación dos números de participación feminina anteriores a pandemia, pois experimentaran unha baixada de 5 puntos.

A evolución das persoas abonadas ao longo do curso en cada campus podemos vela na seguinte gráfica que reproduce a evolución típica vencellada á duración do curso académico.



## 1.2. Actividades de uso libre

As actividades de uso libre individual máis practicadas nas instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte son o atletismo, o fitness e a escalada con case 3500 persoas usuarias entre os tres campus. Neste tipo de actividades destaca a participación masculina con porcentaxes próximos ao 65 % mentres que as mulleres, como veremos no seguinte apartado, mostraron unha maior preferencia polas actividades dirixidas.

| | Ourense | | | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Atletismo | 389 | 157 | 546 | | | | 233 | 73 | 306 | 622 | 230 | 852 |
| BTT | | | | | | | 15 | 3 | 18 | 15 | 3 | 18 |
| Fitness | 590 | 385 | 975 | 320 | 247 | 567 | 662 | 310 | 972 | 1572 | 942 | 2514 |
| Escalada | | | | | | | 19 | 14 | 33 | 19 | 14 | 33 |
| Total | 979 | 542 | 1521 | 320 | 247 | 567 | 929 | 400 | 1329 | 2228 | 1189 | 3417 |
| % | 64,4% | 35,6% | 44,5% | 56,4% | 43,6% | 16,6% | 69,9% | 30,1% | 38,9% | 65,2% | 34,8% | 100,0% |

## 1.3. Actividades dirixidas de fitness

A oferta de actividades dirixidas de *fitness* incluídas no abono mUVer foi moi similar á de anos anteriores con actividades xa consolidadas entre a comunidade universitaria e nas que a presenza feminina é maioritaria (78 % das participantes).

| | Ourense | | | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Adestram. funcional | 3 | 11 | 14 | 14 | 24 | 38 | 8 | 25 | 33 | 25 | 60 | 85 |
| Benestar integral | 7 | 32 | 39 | | | 0 | | | 0 | 7 | 32 | 39 |
| Body pump | 7 | 42 | 49 | | | 0 | | | 0 | 7 | 42 | 49 |
| Ciclo indoor | 7 | 33 | 40 | 3 | 20 | 23 | | | 0 | 10 | 53 | 63 |
| CORE | | | 0 | | | 0 | 10 | 34 | 44 | 10 | 34 | 44 |
| Dance Fitness | 8 | 70 | 78 | | | 0 | | | 0 | 8 | 70 | 78 |
| Fit box | | | 0 | | | 0 | 8 | 7 | 15 | 8 | 7 | 15 |
| Jiu Jitsu | | | 0 | | | 0 | 17 | 11 | 28 | 17 | 11 | 28 |
| HIIT | | | 0 | 26 | 93 | 119 | 17 | 11 | 28 | 43 | 104 | 147 |
| Ioga | 4 | 39 | 43 | | | 0 | 16 | 70 | 86 | 20 | 109 | 129 |
| Pilates | | | 0 | 13 | 81 | 94 | | | 0 | 13 | 81 | 94 |
| Total | 36 | 227 | 263 | 56 | 218 | 274 | 76 | 158 | 234 | 168 | 603 | 771 |
| % | 13,69 % | 86,31 % | 34,11 % | 20,44 % | 79,56 % | 35,54 % | 32,48 % | 67,52 % | 30,35 % | 21,79 % | 78,21 % | 100,00 % |

## 1.4. Escolas de iniciación deportiva

A Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolveu durante o curso 2022/2023 varias escolas e cursos de iniciación de carácter non federado co obxectivo de achegar a práctica de diferentes modalidades deportivas dun xeito lúdico e divertido á

comunidade universitaria. Como vén sendo tradicional nos últimos cursos, as actividades que máis destacaron pola súa participación foron o tenis e o voleibol. A participación nestas actividades por xénero estivo bastante equilibrada e achegouse ao 50 % tanto no cómputo total como individualmente na maioría das modalidades agás o tenis, o tenis de mesa e o xadrez, de predominio masculino, e o voleibol, onde houbo unha maioría de mulleres.

| | Ourense | | | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Bádminton | | | 0 | 7 | 7 | 14 | 8 | 6 | 14 | 15 | 13 | 28 |
| Baloncesto | | | 0 | 4 | 6 | 10 | | | 0 | 4 | 6 | 10 |
| Escalada | | | 0 | | | 0 | 23 | 21 | 44 | 23 | 21 | 44 |
| Escalada infantil | | | 0 | | | 0 | 10 | 15 | 25 | 10 | 15 | 25 |
| Rugby | | | 0 | 6 | 4 | 10 | 6 | 6 | 12 | 12 | 10 | 22 |
| Tenis | 27 | 22 | 49 | | | 0 | 32 | 20 | 52 | 59 | 42 | 101 |
| Tenis infantil | 20 | 11 | 31 | | | 0 | | | 0 | 20 | 11 | 31 |
| Tenis de mesa | | | 0 | | | 0 | 10 | 2 | 12 | 10 | 2 | 12 |
| Voleibol | 14 | 35 | 49 | | | 0 | | | 0 | 14 | 35 | 49 |
| Volei Praia | 3 | 9 | 12 | | | 0 | | | 0 | 3 | 9 | 12 |
| Xadrez | 10 | 4 | 14 | 13 | 48 | 61 | | | 0 | 23 | 52 | 75 |
| Total | 74 | 81 | 155 | 30 | 65 | 95 | 89 | 70 | 159 | 193 | 216 | 409 |
| % | 48% | 52% | 38% | 32% | 68% | 23% | 56% | 44% | 39% | 47% | 53% | 100% |

# 2. ACTIVIDADES NA NATUREZA

## 2.1. Augaventura

O programa de actividades no medio acuático, Augaventura, foi novamente o motor da iniciación aos deportes acuáticos. Con xa máis de vinte anos nas súas costas, é todo un referente entre a comunidade universitaria.

Nas xa típicas quendas de outono e primavera serviu como forma de desfrutar, durante un día, de deportes no medio acuático en condicións moi vantaxosas.

As actividades elixidas nesta ocasión foron: descenso de rápidos (*rafting*), surf, windsurf, caiac-mergullo-andaina, flyboard e wakeboard. En total houbo 266 matrículas (128 homes e 138 mulleres).

| | Outono | | Primavera | | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| | Masc. | Fem. | Masc. | Fem. | |
| Flyboard | 6 | 1 | 11 | 7 | 25 |
| Caiac-mergullo-andaina | 0 | 0 | 8 | 10 | 18 |
| Descenso de rápidos | 15 | 9 | 11 | 17 | 52 |
| Mergullo | 5 | 4 | 9 | 13 | 31 |
| Surf | 24 | 29 | 19 | 34 | 106 |
| Windsurf | 4 | 1 | 6 | 4 | 15 |
| Wakeboard | 5 | 4 | 5 | 5 | 19 |
| Total | 59 | 48 | 69 | 90 | 266 |

## 2.2. Exploracampus

Na súa terceira edición desenvolvéronse tres actividades: unha no campus de Pontevedra e dúas no campus de Vigo.

- Campus de Pontevedra: Iniciación ao *Dragon Boat*. Río Lérez, 16 de maio 2023.
- Campus de Vigo: Circuítos de aventura en Marikiná Park, sábado, 29 de abril de 2023 e unha xornada de iniciación á orientación o sábado, 6 de maio de 2023, que coincidiu coa celebración do campionato galego universitario desta modalidade.

| | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividades | Masc. | Fem. | Total | H. | M. | Total | H. | M. | Total |
| Circuítos de aventura | | | 0 | 23 | 25 | 48 | 23 | 25 | 48 |
| Iniciación á Orientación | | | 0 | 5 | 7 | 12 | 5 | 7 | 12 |
| Iniciación ao Dragon Boat | 10 | 10 | 20 | | | 0 | 10 | 10 | 20 |
| Total | 10 | 10 | 20 | 28 | 32 | 60 | 38 | 42 | 80 |
| Porcentaxes | 50% | 50% | 25% | 47% | 53% | 75% | 48% | 53% | 100% |

## 2.3. Rutas culturais

Durante o curso organizáronse 11 rutas de sendeirismo con diversos niveis de dificultade ao longo da xeografía galega e portuguesa. Dirixíronse a todas aquelas persoas interesadas tanto no exercicio físico en si como no coñecemento do noso patrimonio natural e arqueolóxico que, en moitos dos casos, finalizaron con actividades de tipo cultural ou lúdico. Facilítanse varios autocares que trasladan ás persoas participantes dos campus de orixe ata o lugar de saída e regreso. A participación global rexistrada foi de 991 inscricións (655 mulleres e 336 homes).

| Ruta e data | Homes | Mulleres | Total |
|---|---|---|---|
| Ruta 1: Foz do Lima, Cabedelo e Ribeira de Anha. Viana do Castelo, 22/10/2022 | 27 | 67 | 94 |
| Ruta 2: Ruta romana do viño. Larouco, 05/11/2022 | 27 | 53 | 80 |
| Ruta 3: Cabo Udra. Bueu - 26/11/2022 | 23 | 60 | 83 |
| Ruta 4: Sicenata Pacata/Ruta do Castelo de Parada. O Pereiro de Aguiar, 17/12/2022 | 30 | 54 | 84 |
| Ruta 5: Catoira, 21/01/2023 | 21 | 46 | 67 |
| Ruta 6: Pitoes das Júnias/Transfronteiriza Geres-Xurés, 04/02/2023 | 38 | 70 | 108 |
| Ruta 7: Courel.Vilamor-Froxán, 25/02/2023 | 38 | 58 | 96 |
| Ruta 8: Vilar de Barrio. Castro-Castelo de Bóveda, 18/03/2023 | 21 | 37 | 58 |
| Ruta 9: Santo André de Teixido, 15/04/2023 | 37 | 66 | 103 |
| Ruta 10: Camiño dos faros. Muxía-Touriñán, 29/04/2023 | 38 | 65 | 103 |
| Ruta 11: Passadiços do Paiva. Arouca, 13/05/2023 | 36 | 79 | 115 |
| **Total** | **336** | **655** | **991** |

# 3. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS

## 3.1. Competicións internas

### 3.1.1. Ligas universitarias

#### *3.1.1.1. Fase de campus (outubro 2022-febreiro 2023)*

- Ourense:

| Modalidades | Equipos | Participantes | | Equipo gañador |
|---|---|---|---|---|
| | | H | M | |
| Fútbol 7 mixto | 13 | 160 | 30 | Alfakuko F. C. |
| Fútbol Sala mixto | 9 | 86 | 2 | Drinking Team |
| **TOTAL** | **22** | **246** | **32** | |

- Pontevedra:

| Modalidades | Equipos | Participantes | | Equipo gañador |
|---|---|---|---|---|
| | | H | M | |
| Fútbol 7 mixto | 8 | 116 | 0 | Pencos F. C. |
| Fútbol Sala mixto | 6 | 063 | 2 | Pota Seniors |
| **TOTAL** | **14** | **179** | **2** | |

- Vigo:

| Modalidades | Equipos | Participantes | | Equipo gañador |
|---|---|---|---|---|
| | | H | M | |
| Baloncesto mixto | 5 | 55 | 5 | Humilde Team |
| Fútbol 7 mixto | 26 | 414 | 4 | The Legends/Bayern de los Caídos |
| Fútbol Sala Feminino | 2 | 0 | 24 | Toliñas |
| Fútbol Sala Masculino | 5 | 60 | 0 | Dinamo de Kiev |
| Tenis | 12 | 12 | 0 | Fernando Arístegui |
| Voleibol Mixto | 3 | | 12 | PPKG |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TOTAL** | **53** | **541** | **45** |

### *3.1.1.2. Final Intercampus (16/02/2023, campus de Pontevedra)*

| Modalidades | Equipos | Participantes | | Campus gañador |
|---|---|---|---|---|
| | | H | M | |
| Fútbol sala masculino | 2 | 24 | 0 | Pontevedra |
| Fútbol 11 masculino | 4 | 64 | 0 | Pontevedra |
| **TOTAL** | **16** | **88** | **0** | |

## 3.1.2. Campionatos individuais

| Modalidades | Participantes | M | F | Gañador/es |
|---|---|---|---|---|
| Pádel (21/03 - 25/03) | 17 | 29 | 5 | Alberto López/Alejandro Casado |
| Tenis (07/03 – 18/03) | 15 | 14 | 1 | Joaquín López Fdez |
| Tenis de Mesa (10/03) | 8 | 7 | 1 | Andrés Torres Vidal |
| **TOTAL** | **40** | **40** | **7** | |

### 3.2. Campionatos galegos universitarios

#### 3.2.1. Deportes colectivos

Os campionatos galegos universitarios celebráronse os días 7 e 8 de marzo no campus de Lugo coa participación de alumnado universitario de toda Galicia. A delegación da Universidade de Vigo estivo integrada por máis de 150 estudantes. A gañadora no cómputo xeral da competición foi a Universidade de Santiago de Compostela, a segunda foi a Universidade de Vigo e a terceira a Universidade da Coruña.

| Modalidade | UVigo | USC | UDC |
|---|---|---|---|
| **Baloncesto M.** | 3 º | 1 º | 2 º |
| **Baloncesto F.** | 2 º | 1 º | 3 º |
| **Balonmán M.** | 1 º | 2 º | 3 º |
| **Balonmán F.** | 2 º | 1 º | 3 º |
| **Fútbol M.** | 1 º | 2 º | 3 º |
| **Fútbol F.** | 1 º | 3 º | 2 º |
| **Fútbol Sala M.** | 2 º | 1 º | 3 º |
| **Fútbol Sala F.** | 2 º | 3 º | 1 º |
| **Rugby 7 M.** | 1 º | 3 º | 2 º |
| **Rugby 7 F.** | 3 º | 1 º | 2 º |
| **Voleibol M.** | 3 º | 2 º | 1 º |
| **Voleibol F.** | 3 º | 1 º | 2 º |

| Clasificación por universidades | | | |
|---|---|---|---|
| | Primeira clasificada | 27 puntos | USC |
| | Segunda clasificada | 24 puntos | UVigo |
| | Terceira clasificada | 21 puntos | UDC |

#### 3.2.2. Natación

A competición desenvolveuse na Piscina Universitaria da Universidade da Coruña, no Campus de Ferrol, o día 28 de febreiro de 2023. Participaron 261 persoas en total, 134 da Universidade de Vigo federadas en natación (14 mulleres e 120 homes).

No conxunto da competición, o equipo gañador foi o da Universidade da Coruña, seguido polo da Universidade da Universidade de Vigo e, finalmente, o de Santiago de Compostela. A Universidade de Vigo acadou o primeiro posto nas seguintes probas:

- 4x50 m. libres feminino
- 4x50 m. estilos feminino
- 50 m. bolboreta masculino: Marcos García Garay
- 50 m. bolboreta feminino: Henar Cons Gestido
- 50 m. braza masculino: Uxío Peña López
- 50m. libres masculino: Brais Pino Lorenzo

- 50 m. libres feminino: Eva Feijoo Gómez
- 100 m. bolboreta masculino: M.F. Ruibal Caballero
- 100 m. bolboreta feminino: Antía García Silva
- 100 m. estilos feminino: Eva Feijoo Gómez
- 200 m. libres masculino: Raúl Civera Corral
- 200 m. libres feminino: Carla Faro Martínez

### 3.2.3. Orientación

O sábado 6 de maio o Campus de Vigo acolleu o Campionato Galego Orientación, organizado pola Área de Saúde, Benestar e Deporte da Universidade de Vigo e o Club VigOrienta. Este campionato contou con 46 participantes das tres universidades galegas.

Participaron 15 deportistas no equipo da Universidade de Vigo, entre as que destacaron:

- Isabel Pastoriza: campioa galega universitaria feminina.
- Sara Ricoy: subcampioa galega universitaria feminina.
- Alan Sardinero: campión galego universitario masculino.
- Vicente Pastoriza: terceiro clasificado galego universitario masculino.

As boas posicións do conxunto do equipo permitiron que a UVigo acadara o primeiro posto na clasificación xeral.

### 3.2.4. Vela

O mércores, 15 de marzo, a Universidade da Coruña e a Real Federación Galega de Vela organizaron o II Campionato Galego Universitario de Vela que se desenvolveu nas instalacións deportivas do Centro Galego de Vela de Vilagarcía de Arousa. Con participación por parte das tres universidades galegas, rexistráronse 10 equipos mixtos: catro equipos da Universidade de Vigo, dous da Universidade de Santiago de Compostela e catro da Universidade da Coruña. Finalmente, a Universidade de Vigo resultou campioa da competición.

## 3.3. Campionatos de España

No ano 2023 participaron 92 deportistas da Universidade de Vigo en total (43 homes e 49 mulleres) en 16 modalidades deportivas dun total de 29. Ademais, obtivéronse 18 medallas individuais ou parellas (4 ouros dunha parella, 5 pratas individuais e 9 bronces doutra parella) e 3 de equipos (dous ouros e unha prata).

### 3.3.1. Modalidades de participación individual

| MEDALLISTAS INDIVIDUAIS UVIGO CEU 2023 | | |
|---|---|---|
| Soler Benito, Jacobo | Atletismo | Bronce 400 m lisos |
| Cancelas Fandiño, Javier | Halterofilia | Prata – 81 kg |
| Iglesias Pérez, Antonio | Bádminton | Bronce individual<br>Bronce dobres masculino |
| Rivadulla Dafonte, Alejandro | Bádminton | Bronce dobres masculino |
| Cortegoso Lima, Sara | Taekwondo | Prata – 46 kg |
| García Vidal, Miryam | Taekwondo | Bronce – 62 kg |
| González Nóvoa, María | Taekwondo | Bronce – 49 kg |
| Ogea Costas, Uxía | Taekwondo | Bronce – 57 kg |
| Pan Garrote, Adrián | Taekwondo | Ouro – 74 kg |
| Rivadulla Lorenzo, Desirée | Taekwondo | Ouro + 73 kg |
| Tomás González, Lois | Taekwondo | Prata – 63 kg |
| García Blanco, Celia | Taekwondo | Ouro Parella Mixta Poomsae |
| Paz Romero, Manuel Alejandro | Taekwondo | Ouro Parella Mixta Poomsae |
| Agudo Huerta, Daniela | Judo | Bronce – 70 kg |
| González Muñiz, Iván | Loita | Bronce – 90 kg |
| González Rodríguez, Manuel | Loita | Prata – 62 kg |
| González Rodríguez, Cayetana | Loita | Bronce – 59 kg |
| Bello Álvarez, Saúl | Loita | Prata – 80 Kg |
| Llorca García, Marta | Golf | Ouro Scratch |

### 3.3.2. Modalidade de participación por equipos

A Universidade de Vigo participou en cinco deportes distintos: taekwondo, loita olímpica, golf, fútbol feminino, e balonmán masculino.

| MEDALLAS EQUIPOS VIGO CEU 2023 | |
|---|---|
| Taekwondo | Ouro |
| Loita Olímpica | Prata |
| Golf | Ouro |

## 3.4. Competicións internacionais

### 3.4.1. Xogos Mundiais Universitarios

Unha estudante de Fisioterapia, Desirée Rivadulla, participou nos Xogos Mundiais Universitarios na modalidade de Taekwondo. A olimpíadas universitarias celebráronse na cidade chinesa de Chengdu do 29 de xullo ao 4 de agosto de 2023 e foron organizadas pola Federación Internacional de Deporte Universitario (FISU).

Desirée foi a representante de España na categoría de combate de máis de 73 quilogramos, superou en tres asaltos á nixeriana Olateju na primeira rolda e caeu en cuartos de final contra Anahita Tavakoli (Irán), quen finalmente logrou a medalla de prata.

### 3.4.2. Campionatos universitarios do mundo

O alumno do grao de Enxeñaría Mecánica no campus de Vigo, Yeray García Vidal, participou no Campionato do Mundo Universitario de Piragüismo, que se celebrou na Cidade polaca de Bydgoszcz entre o 16 e o 18 de setembro. Yeray obtivo 5 medallas, concretamente 2 ouros (C2 200 e C4 1000) e 3 pratas (C2 500, C4 200 e C4 500). Estes resultados non son só excelentes, senón tamén históricos ao ser o deportista con máis medallas obtidas nun mundial universitario na historia da nosa universidade.

A alumna da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Marta Domínguez Fernández, participou no Campionato do Mundo Universitario de Squash do 7 ao 13 de novembro en Nova Giza (Exipto), no que logrou alzarse coa medalla de bronce. Marta foi unha das catro representantes coas que a federación española acudiu ao torneo disputado en Exipto, lugar onde a deportista e estudante do campus pontevedrés logrou subir ao podio na competición individual feminina. Nun torneo que reuniu a 49 deportistas de 13 países, Domínguez convertíase na primeira estudante da UVigo en alzarse cunha medalla nun mundial universitario de squash.

# 4. DEPORTE FEDERADO

## 4.1. Campus de Ourense

### 4.1.1. Sección deportiva de baloncesto

Durante a temporada 2022/2023 o campus de Ourense contou con 86 licenzas (61 masculinas e 25 femininas) e nove equipos (seis masculinos e tres femininos) e estivo representado nas competicións da Federación Galega de Baloncesto por dous equipos sénior, un dos cales participou na primeira división sénior feminina. Estas competición de ámbito autonómico constan de dúas fases: na primeira xóganse 14 partidos entre os equipos de Ourense e Pontevedra, na que se disputará o primeiro posto; na fase final da competición xogan os seis primeiros clasificados, que loitarán pola terceira posición.

O equipo competiu en segunda división sénior masculina e logrou a primeira posición na primeira fase da competición e a terceira posición na fase final. Con esta clasificación conseguiu o ascenso á primeira división autonómica masculina.

Segundo normativa federativa e por sustentabilidade dos equipos, mantemos un acordo de vinculación de equipos coa entidade A. Deportiva Branco Amor de Ourense. Mediante este acordo, as xogadoras e os xogadores en idade júnior poden integrarse nos equipos sénior.

### 4.1.2. Club deportivo Dereito-Empresariais de tenis (acordo de colaboración)

O Club contou nesta temporada con 91 licenzas (65 homes e 26 mulleres) e 10 equipos (seete masculinos e tres femininos) un dato moi positivo no tenis galego.

A presenza en competicións foi moi notable e marcaron un récord de formación de equipos (sete masculinos e tres femininos). Destacan as categorías sénior e veteranos nos dous xéneros. O equipo de veteranas de máis de 35 anos consagrouse como gañador da segunda división e o de veteranos masculino de máis de 45 anos quedou subcampión galego na división de honor.

### 4.1.3. Club de Xadrez Ourensán Universitario (acordo de colaboración)

O Club de Xadrez Ourensán Universitario (XOU) segue a ser un dos referentes dos taboleiros de xadrez na provincia. Fomenta a práctica deste deporte entre un gran número de participantes e xoga en diversos campionatos oficiais, proporciona formación no xadrez para toda persoa interesada que a demande e, alén diso, organiza o torneo de verán IX Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense.

Durante o ano 2023, o XOU participou en varias actividades entre as que destaca a presenza nos principais campionatos federados galegos. Ademais, o Club organizou o campionato provincial de xadrez de Ourense.

Tamén se realizou un curso de formación dirixido a estudantado universitario que se inicia neste deporte co propósito de captar novos xogadores. Estas foron as

actividades que se realizaron:

- Participación nos campionatos oficiais individuais. Varios dos nosos xogadores participaron no campionato provincial de Ourense e no galego.
- Escola Universitaria de Xadrez. Dúas horas semanais nas que traballa a escola do club impartidas de forma presencial por Manuel Álvarez Fernández.
- Organización do IX Torneo Internacional Campus de Ourense no mes de xullo.

#### 4.1.4. Club Campus Ourense Rugby (acordo de colaboración)

O club contou con 106 licenzas e sete equipos que disputaron as seguintes competicións:

- Sénior Masculino. Campión da Liga Territorial Galega 2º Autonómica
- Sub-18. Liga Territorial Galega. Autonómico
- Sub-16. Liga Territorial Galega. Autonómico
- Sub-14. Liga Territorial Galega. Autonómico
- Escolas deportivas: categorías sub-12, sub-10, sub-8 e sub-6

### 4.2. Campus de Pontevedra

#### 4.2.1. Escola de xadrez Pontevedra – Universidade de Vigo (acordo de colaboración)

Durante o curso 2022/2023 expedíronse 176 licenzas, das cales 145 foron masculinas e 31 femininas. Os adestradores nesta temporada foron Pablo García Castro, mestre Internacional; Daniel Rivera Kuzawka, mestre Internacional e Miguel Palacios González, monitor de base.

##### *4.2.1.1. Resultados por equipos*

O resultado máis salientable foi o terceiro posto de Xadrez: Estratexia pola Paz na División de Honra da Liga Galega, máxima categoría do xadrez galego. Ademais, os xogadores da canteira levaron ao equipo universitario ao primeiro posto da categoría absoluta.

##### *4.2.1.2. Resultados individuais*

Cómpre destacar en xeral o liderado da UVigo e os resultados de Mateo Alonso (4º en sub-12), Rubén Fernández e Juan Manuel Martínez (5º e 8º en sub-18), Álvaro Seoane (10º en sub-8) e David García (6º no absoluto rápidas).

Cómpre salientar tamén a David Fernández, campión de España absoluto da Federación de Cegos, e a Rubén Fernández, 6º no Campionato de España Rápidas sub-18 e 7º no Campionato de España sub-18.

#### 4.2.1.3. *Competicións internacionais*

A Escola organizou varias competicións internacionais entre as que destaca o XI Torneo Internacional Cidade de Pontevedra, unha proba valedoira para a puntuación ELO, clasificación mundial da Federación Internacional de Xadrez e para a obtención das normas que dan acceso aos títulos de mestría no xadrez. É unha proba única en Galicia e das de maior nivel organizadas en España. Alén desta gran competición, a Escola tamén organizou o XI Torneo internacional de xadrez memorial Ramón Escudeiro Tilve.

## 4.3. Campus de Vigo

### 4.3.1. Sección deportiva de tenis

A sección deportiva de tenis na Universidade de Vigo expediu 35 licenzas (25 masculinas e 9 femininas) durante o curso 2022/2023 e contou cos seguintes equipos:

- Veteranos +35:
  - División de Honra
- Absolutos:
  - División Ouro (masculino A)
  - Primeira División (masculino B)
  - Primeira División (feminino)

### 4.3.2. Sección deportiva de carreiras de orientación

Durante a temporada 2022/2023 o número de licenzas foi 20, 11 femininas e 9 masculinas.

Estas persoas participaron nas ligas galegas de orientación O-PE 2022 e 2023, a razón de 15 participantes por proba, así como nas ligas galegas de orientación sprint (15 participantes por proba), no campionato galego sprint 2023 (17 participantes) e no campionato galego de distancia longa 2023 (16 participantes).

No campionato escolar galego celebrado en maio en Ourense participaron 246 persoas das que destacan Diego Pérez e Sabela Pérez, campións escolares galegos.

A sección deportiva tamén participou na liga galega de orientación MTBO 2022 (4 deportistas) e na liga transfronteiriza Galicia-norte de Portugal 2022 (6 deportistas).

#### 4.3.2.1. *Campionatos nacionais*

- Campionato de España de Orientación (CEO-1), Navaleno larga, media e sprint
  - 5 participantes
  - Resultados salientables:

    Ana Iglesias F-55: 5ª en larga

- Campionato ibérico Terras de Bouro (Portugal) Larga, media e sprint
    - 9 participantes
    - Resultados salientables:

| | |
|---|---|
| Ana Iglesias | D-50: 5ª en sprint |
| Mª Isabel Saco | D-55: 5ª en larga |
| Diego Perez | H-18: 3ª en larga e sprint |
| Enrique Fuertes | H-55: 9º en sprint |
| José Luis Armada | H-55: 9º en larga |
| Alan Sardinero | H-E: 6º en sprint |

##### *4.3.2.2. Campionato Galego Universitario de Orientación*

Celebrado o 6 de maio no campus das Lagoas-Marcosende.

- Categoría oficial
    - 25 homes e 13 mulleres
- Categoría de iniciación
    - 5 homes e 7 mulleres

#### 4.3.3. Sección deportiva de carreiras populares

Nesta temporada continuaron os adestramentos os xoves no parque de Castrelos, organizándose tamén saídas polas inmediacións do campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende) cunha periodicidade de dous mércores ao mes.

- Adestrador: Jorge Castro, licenciado en Educación Física e adestrador nacional de atletismo.
- Licenzas: 6, todas na categoría sénior masculina.
- Participacións:
    - XII Carreira popular Santa Bárbara (Vigo, 02-12)
    - Subida Ao Castro 3K (Vigo, 29-01)
    - XXII Media Maratón Vigo-Bay (Vigo, 26-03)
    - XIV 10 K O Porriño (Porriño, 30-04)
    - IX Carreira da Cereixa de Beade (Vigo, 29-05)
    - VII Cross Cabo Udra (Bueu, 18-06)
    - XXXIX Nocturna de San Xoán (Vigo, 23-06)
    - 21 Leguas 101 km Narón (Narón, 30-09)

#### 4.3.4. Kaleido Vigo Rugby Club (acordo de colaboración)

O Kaleido Vigo Rugby Club contou durante o curso 2022/2023 con 270 licenzas desde M6 até sénior (209 masculinas e 61 femininas) e cinco equipos que acadaron os seguintes resultados:

- Resultados da liga:
    - Absoluto masculino: 1.º
    - Absoluto feminino: 2.º
    - Sub-18: 1.º
    - Sub-16: 1.º

- Sub-14: 3.º

- Resultados da Copa Xunta:
  - Absoluto masculino: 1.º
  - Absoluto feminino: 6.º
  - Sub-18: 1.º
  - Sub-16: 1.º
  - Sub-14: 3.º

# 5. PROMOCIÓN DA SAÚDE

## 5.1. Cuestionarios de aptitude para o exercicio

Tendo en conta as consideracións do Colexio Americano de Medicina Deportiva, un total de 329 persoas (o 12,1 % do total) amosaron sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario de aptitude para o exercicio. Isto supuxo un aumento de catro décimas porcentuais respecto dos datos do curso anterior, debido fundamentalmente a que continuou o proceso de regreso á practica deportivas das persoas de mais idade que durante o ano da COVID reduciron en maior grao a súa participación.

| | Risco moderado ou alto | | | Risco baixo | | | Sen risco | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Idade media | 33,3 | 31,2 | 31,8 | 30,9 | 28,9 | 29,7 | 26,2 | 27,5 | 26,8 | 27,2 | 28,3 | 27,7 |
| Nº. de persoas | 103 | 226 | 329 | 131 | 178 | 309 | 1159 | 916 | 2075 | 1393 | 1329 | 2713 |
| % | 3,8% | 8,3% | 12,1% | 4,8% | 6,6% | 11,4% | 42,7% | 33,8% | 76,5% | 51,3% | 48,7% | 100,0% |

## 5.2. Valoración funcional

O persoal técnico deportivo de cada campus ten entre as súas encomendas a valoración da condición física saudable das persoas usuarias co gallo de poder individualizar a prescrición dos programas de exercicio físico. Un dos parámetros que máis se ten en conta é a medición da composición corporal a través das básculas de bioimpedancia TANITA MC 780 MA.

| | Ourense | | | Pontevedra | | | Vigo | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total | Masc. | Fem. | Total |
| Antropometría | 0 | 0 | 0 | 23 | 20 | 43 | 76 | 30 | 106 | 99 | 50 | 149 |
| % | 0% | 0% | 0% | 53% | 47% | 29% | 72% | 28% | 71% | 66% | 34% | 100% |

## 5.3. Actividades da Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde

Como integrante de REUPS, a Universidade de Vigo participou no curso 2022/2023

na dinamización e difusión de diferentes campañas para promover hábitos saudables entre a comunidade universitaria.
Por outra banda, María Isabel Doval Ruiz, Vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade, participou na asemblea da rede, que tivo lugar o 4 de xullo de 2023 de forma telemática.

# 6. EVENTOS

## 6.1. 6.1. Organizados pola Área de Benestar, Saúde e Deporte

### 6.1.1. Campus de Ourense

- **XXXIX Campionato nacional de fútbol sala de PAS universitario**
    - Pavillón universitario; 5-9 de xuño de 2023
    - 10 universidades participantes de toda España.

### 6.1.2. Campus de Pontevedra

- **Maratón solidario de zumba**
    - Pavillón universitario; 1 de decembro de 2022
    - Arredor de 100 participantes; reuníronse 250 quilos de alimentos para a súa doazón.

### 6.1.3. Campus de Vigo

- **Campionato Galego Universitario de Orientación**
    - Plano de Orientación do Campus As Lagoas-Marcosende; 6 de maio de 2023
    - 38 participantes na competición por universidades (25 homes e 13 mulleres) e 12 na categoría "open" de iniciación (5 homes e 7 mulleres)

## 6.2. Actividades do estudantado

### 6.2.1. Campus de Pontevedra

- **Torneos de fútbol sala e baloncesto de Fisioterapia**
    - Pavillón universitario; 29 de novembro -2 de decembro de 2022
    - Organización por conta da delegación de estudantes da Facultade de Fisioterapia.

### 6.2.2. Campus de Vigo

- **Carreira popular de Santa Bárbara**
    - Pista de carreira a pé de Lagoas-Marcosende; 2 de decembro de 2022
    - Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía; percorrido de 5 km; preto de 50 participantes.

- **Torneos de fútbol sala e baloncesto 3x3 de Minas**
    - Pavillón universitario; 30 de novembro-1 de decembro de 2022
    - Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía

- **Torneo de tenis de mesa de Industriais**
    - Pavillón universitario
    - Organización por conta da delegación de estudantes de E. Industrial

- **Torneo San Teleco de fútbol sala e fútbol 7**
    - Última semana de setembro
    - Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñería de Telecomunicacións

- **Xogos Intercentros**
    - Varias instalacións; 16 de marzo de 2023
    - 320 participantes que competiron nas modalidades de voleibol, concurso de triplos, baloncesto 3X3, tenis de mesa e atletismo 100 m, 200 m e remudas e fútbol 7
    - Organización por conta das delegacións de estudantes de Enxeñería de Minas e Enerxía, Bioloxía, Química e Ciencias do Mar

## 6.3. Actividades en colaboración con outras entidades

### 6.3.1. Campus de Ourense

- **IX Torneo Internacional de Xadrez Campus de Ourense**
    - Pavillón universitario; do 26 de xuño ao 2 de xullo de 2023
    - 84 participantes de diferentes clubs

- **Xornadas deportivas do Campus Camp de verán**
    - Edificio Técnico-Administrativo e instalacións deportivas do campus; Última xuño/xullo/primeira setembro
    - Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; preto corenta participantes

- **Campus Camp de Nadal**
    - 23 de decembro de 2022 - 5 de xaneiro de 2023
    - Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; 7 nenos e 8 nenas

### 6.3.2. Campus de Vigo

- **Descubrindo o norte**
    - Plano de Orientación do Campus As Lagoas-Marcosende; 19 de maio de 2023
    - Alumnado de 6 º do CEP Plurilingüe Igrexa Valadares; proxecto interdisciplinario coa participación de 30 estudantes

- **Campus Camp de verán**
  - Edificio Técnico-Administrativo e instalacións deportivas do campus; do 22 de xuño ao 8 de setembro de 2023
  - Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; 125 participantes

- **Campus Camp de Nadal**
  - Edificio Técnico-Administrativo e instalacións deportivas do campus; 23 de decembro de 2022 - 5 de xaneiro de 2023
  - Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; participación de 12 nenos e 16 nenas

## 6.4. Sedes doutras actividades e eventos

### 6.4.1. Campus de Ourense

- **Xornadas de benvida para o novo alumnado**
- **Feira de emprego da Universidade de Vigo**
- **Campus de tecnificación do Aurial Basquet Pro**

### 6.4.2. Campus de Pontevedra

- **XVII Media maratón Pontevedra**
- **Adestramentos e competicións do CB Arxil**

### 6.4.3. Campus de Vigo

- **Xornadas de benvida para o novo alumnado**
- **Adestramentos de diversos clubs**
- **Probas físicas para árbitros da Federación Galega de Fútbol**
- **Xornadas de promoción do deporte**

# 7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

## 7.1. Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

Durante este curso, o alumnado da Universidade de Vigo obtivo o recoñecemento do labor formativo derivado da súa participación nas seguintes actividades:

### 7.1.1. Escolas deportivas

- Campus de Ourense: rugby tenis, xadrez e voleibol
- Campus de Pontevedra: voleibol
- Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez

### 7.1.2. Representación da Universidade en competicións federadas

O alumnado que formou parte dalgún dos equipos da Sección Deportiva da Universidade de Vigo ou entidades con convenio en competicións federadas oficiais foi representante da UVigo.

## 7.2. Bolsas e prácticas do alumnado

### 7.2.1. Bolsas de formación complementaria: internacionalización e comunicación

Estas bolsas facilitaron que estudantes da Universidade de Vigo prestasen a súa colaboración en tarefas relacionadas cos seus estudos en réxime de compatibilidade coas súas obrigas académicas.

A duración foi de oito meses, a razón de 15 horas semanais de dedicación, e contaron coa supervisión dun/ha titor/a académico/a da titulación correspondente.

Durante o curso 2022/2023 incorporáronse á Área de Benestar, Saúde e Deporte:

- Un alumno de cuarto curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio á estratexia de internacionalización.
- Un alumno do Grao en Comunicación Audiovisual para o apoio na comunicación centrada en redes sociais.
- Unha alumna do Grao en Educación Social para apoiar a difusión das actividades deportivas e culturais propias do campus de Ourense.

### 7.2.2. Alumnado Erasmus en prácticas

Este curso académico, dous estudantes internacionais realizaron prácticas na Área de Benestar, Saúde e Deporte.

#### *7.2.2.1. Campus de Ourense*

- Unha alumna da Universidade de Manchester, durante 4 meses no primeiro cuadrimestre.

#### *7.2.2.2. Campus de Vigo*

- Unha estudante de Xestión Deportiva da Salford Business School da Universidade de Salford (Manchester), durante 3 meses.

Apoiaron na xestión de todo tipo de actividades centradas na creación de canles de comunicación fluída co alumnado: seguimento e apoio na realización de eventos, creación de contidos para redes sociais, desenvolvemento de actividades do programa Exploracampus, etc.

# 8. OUTRAS ACTUACIÓNS

## 8.1. Internacionalización

### 8.1.1. Participación na Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS)

O director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte e o responsable de actividades deportivas do campus de Ourense participaron no *24 ENAS Forum & Assembly*, que se desenvolveu no Porto (Portugal) entre o 8 e o 11 de novembro de 2022, un evento organizado polo Centro Desportivo Universitário do Porto.

## 8.2. Calidade

### 8.2.1. Xestión de queixas e suxestións

A Área de Benestar, Saúde e Deporte fai uso da aplicación QSP da Universidade de Vigo para o rexistro das queixas, suxestións e parabéns.

Ao longo do presente curso recibíronse un total de 12 queixas, 3 suxestións e un parabén que foron respondidas nun tempo medio de catro días e que versaron sobre os seguintes aspectos:

| Temática | Nº. | % |
|---|---|---|
| Instalacións | 8 | 53,33 |
| Persoas | 1 | 6,67 |
| Actividades e servizos | 6 | 40 |
| Procesos | 0 | 0 |

Do total das QSPs, o 37,5 % foron remitidas polo alumnado, o 25 % polo PAS e o 37,5 % por outro tipo de usuarios/as externos/as.

## 8.3. Tratamento da perspectiva de xénero

A porcentaxe de participación feminina nos diferentes programas deportivos mantívose en xeral máis ou menos estable respecto dos últimos anos, aínda que continúa por debaixo da media, sobre todo nas competicións internas e, en menor medida, no número de persoas abonadas e de usuarias totais.

| PROGRAMA | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Actividades de uso libre | 35,08 % | 33,28 % | 30,53 % | 35,04 % | 34,80 % |
| Actividades dirixidas de *fitness* | 69,48 % | 77,21 % | 87,55 % | 82,02 % | 78,21 % |
| Actividades no medio natural | 52,34 % | 58,76 % | 59,64 % | 61,60 % | 60,17 % |
| Competicións internas | 6,45 % | 8,17 % | 7,14 % | 9,06 % | 7,09 % |
| Competicións interuniversitarias | 50,73 % | 44,32 % | 0,00 % | 52,68 % | 48,53 % |
| Deporte federado | 33,12 % | 34,88 % | 35,51 % | 35,61 % | 32,35 % |
| Escolas e cursos de iniciación deportiva | 39,15 % | 46,96 % | 45,00 % | 47,00 % | 53,00 % |
| Persoas abonadas | 41,92 % | 40,20 % | 34,51 % | 37,80 % | 40,30 % |
| Total persoas usuarias | 36,27 % | 33,48 % | 32,05 % | 36,37 % | 37,04 % |

Este curso comprobamos unha recuperación do 50 % respecto da caída de abonadas e de usuarias totais experimentada durante a pandemia da COVID, que afectara en maior medida á participación feminina pola cancelación das clases colectivas. De todos os xeitos, para alcanzar as porcentaxes pre-pandemia do 2019 queda por recuperar outros 3 puntos porcentuais que agardamos acadar durante o vindeiro curso.



### 8.4. Apoio a deportistas de elite

O 29 de setembro de 2022 foi modificado no Consello de Goberno o Estatuto do Estudantado Deportista na Universidade de Vigo. Durante o curso 2022/2023, a Universidade de Vigo contou con 74 deportistas de elite (34 mulleres e 40 homes) repartidos en 23 modalidades deportivas (ximnasia-trampolín, halterofilia, ciclismo, patinaxe artística…). Ademais, 29 deportistas de nivel intermedio (23 mulleres e 6 homes) obtiveron o recoñecemento por asistir a un CEU. 28 delas e a restante obtivo recoñecemento por pertencer ao Vigo Rugby Club.

Por titulacións, Ciencias da Actividade Física e do Deporte concentrou á maior cantidade de deportistas de elite (15) seguida de Fisioterapia (12) e ADE no campus de Vigo (9).

Unha das accións de apoio máis demandadas polo alumnado é o cambio de datas de exame ao coincidiren con competicións ou concentracións, seguida de cambios de grupo de prácticas.

### 8.5. Actividade de xestión e representación

Gustavo Loureiro:

- Membro da Comisión Técnica do Comité Español de Deporte Universitario (CEDU).

Xabier Rial:

- Membro da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.
- Membro da Comisión técnica de atención a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo.

### 8.6. Programa Corresponsables

Entre os meses de febreiro e marzo de 2023 desenvolveuse a segunda quenda do Plan Corresponsables, destinado a nenas e nenos de entre 6 de 16 anos, dando prioridade ás fillas e fillos pertencentes a familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados; así como fillas e fillos de persoas da comunidade universitaria.

En Ourense puideron desfrutar de Xoga co atletismo, xornadas de iniciación ao rugby e xornadas de iniciación ao pádel, mentres que en Pontevedra houbo iniciación á escalada e un campus de balonmán. Tamén se realizaron actividades deportivas en familia moi variadas, como a iniciación ao surf, *rafting*, *pool cross* e *pool games* e circuítos de aventura no Marikiná Park de Vigo.

# 9. ALIANZAS

## 9.1. Centros deportivos colaboradores

### 9.1.1. Campus de Ourense

- Ximnasio 2000
- Ximnasio Dinamic Center
- Ximnasio Marbel
- Sabrosura
- Asociación Universitaria de Ciencias da Educación (AUCE)
- Asociación Alento
- Fundación Igual-arte
- Ourense Gaels
- Club Natación Escualos

### 9.1.2. Campus de Pontevedra

- Centro Budo
- BeOne Campolongo
- Marexada Deporte, Lecer e Cultura S.L.

### 9.1.3. Campus de Vigo

- Ximnasio Tao
- Máis que Auga
- Circulo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo
- Club de Esgrima Ciudad de Vigo
- EDAM Center
- Florida Gym
- Ifitness
- Inex Pilates
- Centro Pilates Juan Barberá
- TR Sport & Spa
- Mega Sport Center
- Prado Surfing SL
- PROGYM C.B.
- Sailway
- Club Tenis de Mesa Vigo
- Club Deportivo Golf San Lorenzo
- Coliseum 90, S..
- Grupo FIX SCG (Fisioterapia)
- Ifitness Instalaciones Deportivas S.L. (ALTAFIT)
- M VICO- Bike Experience

## 9.2. Novos convenios e novos acordos de colaboración asinados

A Universidade de Vigo estableceu ou actualizou acordos de colaboración en materia de promoción de estilos de vida activos e saudables coas seguintes entidades:

- BOX004
- Club Helenos Kárate
- Escuela Equitación San Cosme
- Instinto Deportivo S.L.

# 10. USOS DOS ESPAZOS DEPORTIVOS

## 10.1. Instalacións propias

### 10.1.1. Usos colectivos

| OCUPACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE USO COLECTIVO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Horas apertura | % de ocupación sobre o total | ACTIVIDADES PROPIAS/USO LIBRE | ACTIVIDADES EXTERNAS |
| | | | | % ocup. interna | % ocup. ext. |
| OURENSE | Campo de fútbol/rugby | 3574 | 43,39% | 9,22% | 90,78% |
| | Pista de atletismo | 3706 | 23,95% | 62,92% | 37,08% |
| | Pista polideportiva cuberta | 3614 | 55,22% | 55,30% | 44,70% |
| | Pistas de tenis (2) | 3586 | 31,81% | 44,47% | 55,53% |
| | Sala multiusos | 3816 | 12,08% | 97,18% | 2,82% |
| | Tenis de mesa (2) | 3716 | 5,26% | 53,71% | 46,29% |
| | Total campus Ourense | 22 012 | 28,31% | 45,98% | 54,02% |
| PONTEVEDRA | Pista polideportiva Pontevedra | 2746 | 59,84% | 41,66% | 54,63% |
| VIGO | Campo de herba sintética | 3515 | 31,33% | 33,02% | 66,98% |
| | Campo de herba natural | 3075 | 4,21% | 0,00% | 100,00% |
| | Muro de escalada | 3325 | 24,69% | 11,21% | 88,79% |
| | Pista de atletismo | 3526 | 40,23% | 91,29% | 8,71% |
| | Pista polideportiva | 2616,67 | 56,71% | 45,62% | 54,38% |
| | Pistas de tenis (5) | 3500 | 14,91% | 412,74% | 51,44% |
| | Salas multiusos (3) | 3583,67 | 16,94% | 97,23% | 2,77% |
| | Tenis de mesa (5) | 3394 | 16,18% | 94,46% | 5,54% |
| | Total campus Vigo | 26535,34 | 25,00% | 85,81% | 42,86% |
| Total 3 Campus | | 51293,34 | 28,28% | 63,70% | 48,98% |

### 10.1.2. Usos individuais

| INSTALACIÓNS DE USO INDIVIDUAL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total usos | COMUNIDADE UNIVERSITARIA | EXTERNOS/AS | POR SEXO | |
| | | % usos com. univ. | % usos externo | % usos homes. | % usos mulleres |
| Pista de atletismo | 5657 | 10,22% | 89,78% | 63,02% | 36,98% |
| Sala cardio-fitness | 28168 | 70,38% | 29,62% | 69,63% | 30,37% |
| Sala usos multiples | 821 | 96,59% | 3,41% | 12,30% | 87,70% |
| Total Ourense | 34646 | 61,18% | 38,82% | 67,19% | 32,81% |
| Actividades dirixidas na pista polideportiva | 2571 | 78,26% | 21,74% | 25,36% | 74,64% |
| Sala cardio fitness | 15269 | 84,72% | 15,28% | 67,32% | 32,68% |
| Total Pontevedra | 17840 | 83,79% | 16,21% | 61,27% | 38,73% |
| Escolas deportivas no campo de herba sintética | 29 | 86,21% | 13,79% | 31,03% | 68,97% |
| Escolas deportivas na pista polideportiva | 116 | 99,14% | 0,86% | 77,59% | 22,41% |
| Bicicletas BTT | 29 | 79,31% | 20,69% | 86,21% | 13,79% |
| Muro de escalada | 96 | 41,67% | 58,33% | 53,13% | 46,88% |
| Pista de atletismo | 2575 | 14,80% | 85,20% | 84,70% | 15,30% |
| Sala cardio-fitness | 27302 | 76,45% | 23,55% | 76,07% | 23,93% |
| Sala usos multiples | 2185 | 89,84% | 10,16% | 25,90% | 74,10% |
| Total Vigo | 32332 | 72,43% | 27,57% | 73,27% | 26,73% |
| TOTAL 3 CAMPUS | 82247 | 69,97% | 30,03% | 69,60% | 30,40% |

### 10.1.3. Relación das entidades usuarias

### 10.1.4. Campus de Ourense

- CD La Purísima
- Ourense Gaels
- EDO (Escola Deportiva Ourense)
- Concellería de deportes de Ourense
- Club Ourense Atletismo
- Federación Galega de Atletismo
- Club Deportivo Aurum
- Roller Derby Ourense
- Club Balonmán Miño
- Fútbol Sala Ourense
- IES A Farixa
- Delegación Ourensá de Baloncesto
- Facultade de Ciencias da Educación
- Club Patinaxe Ourela
- Concello de Lalín

### 10.1.5. Campus de Pontevedra

O pavillón do campus de Pontevedra conta coa seguinte relación de usuarios:

- Concello de Pontevedra
- C.B. Arxil
- CEIP Vidal Portela
- Facultade de Belas Artes
- Club Bádminton Ravachol Pontevedra
- Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Federación Galega de Balonmán
- Club Voleibol Pontevedra
- Federación Galega de Fútbol

En canto a espazos non convencionais, Pontevedra conta cun plano de orientación, que inclúe o campus universitario e a zona lindeira da Illa das Esculturas.

### 10.1.6. Campus de Vigo

O campus de Vigo conta coas seguintes instalacións e entidades usuarias:

#### *10.1.6.1. Pavillón*

- Celta Bosco de Baloncesto
- Club Puerto Vigo de Baloncesto
- Club Tenis de Mesa Vigo
- Vigo 2015 de Fútbol Sala
- Club Peña Trevinca (Rocódromo)
- Club Rosalía de Castro de Bádminton
- Federación Galega de Bádminton

- Federación Galega de Baloncesto
- Federación Galega de Fútbol
- Federación Galega de Tenis de Mesa
- Club Puerto Vigo de Baloncesto
- Club Zamáns FS. de Fútbol Sala
- Residencia O Castro
- Fundación Igualarte (Rocódromo)
- Asociación Alento (Rocódromo)
- Federación Galega de Montañismo
- Empresa IMATIA

#### *10.1.6.2. Campo de fútbol de céspede sintético*

- Vigo Rugby Club
- Federación Galega de Fútbol
- Federación Galega de Rugby
- Colexio Los Sauces
- Colexio O Castro International School
- Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo
- CEIP Sabarís de Baiona
- Club Vigo 2015 de Fútbol.
- Agrupación Deportiva Vigo.

#### *10.1.6.3. Campo de rugby*

- Vigo Rugby Club
- Melgachos Rugby
- Instituto da Guía
- Colexio Los Sauces
- IES Auga da Laxe de Gondomar
- Federación Galega de Rugby
- Deputación Provincial

#### *10.1.6.4. Pista de atletismo*

- Academia Estudio
- Academia Fonseca
- Academia MasterD
- IES da Guía
- Club de Atletismo Porriño
- Colexio de Árbitros de Vigo
- Concello de Gondomar
- Sociedade Atlética Val Miñor
- IES Auga da Laxe de Gondomar
- Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia
- Centro Cultural de Beade
- Asociación Deportiva CAR Redondela
- Federación Galega de Fútbol
- CEIP Coutada-Beade

- Fundación Abrente
- Asociación Viguesa de Atletismo (AVA)

#### *10.1.6.5. Pistas de tenis*

- Colexio O Castro International School
- Club Cidade Olívica
- Club Eirasport
- Equipo federado da Universidade de Vigo

## 10.2. Instalacións de xestión allea nos campus

### 10.2.1. Campus de Ourense – Be One

| Gráfico de persoas por cota | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cota | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. | Out. | Nov. | Dec. |
| ABONADO UNIVERSITARIO | 182 | 197 | 194 | 187 | 174 | 136 | 100 | 88 | 154 | 180 | 169 | 145 |
| ABONADO UNIVERSITARIO MATINAL | 225 | 270 | 295 | 274 | 237 | 177 | 130 | 117 | 225 | 261 | 256 | 226 |
| ABONO UNIVERSITARIO ANUAL MATINAL | 15 | 13 | 13 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 28 | 38 | 40 | 42 |
| ABONO UNIVERSITARIO MEDIODIA | 12 | 15 | 14 | 16 | 17 | 16 | 12 | 12 | 17 | 19 | 19 | 15 |
| **TOTAL** | *434* | *495* | *516* | *488* | *439* | *340* | *253* | *228* | *424* | *498* | *484* | *428* |
| | | | | | | | | | | | | |
| Accesos á instalación por mes (só abonos universitarios) | 3393 | 4172 | 5338 | 3665 | 4129 | 3040 | 1899 | 1682 | 3380 | 5013 | 4769 | 2788 |
| Accesos/mes de cada universitario/a | 7,8 | 8,4 | 10,3 | 7,5 | 9,4 | 8,9 | 7,5 | 7,4 | 8,0 | 10,1 | 9,9 | 6,5 |
| Media de accesos/mes (só abonos universitarios) | 3606 | | | | | | | | | | | |

O centro conta con dúas piscinas, unha de 25 x 16 m e outra de 16 x 9 m, un vaso de hidromasaxe de 16 x 2 m, unha sala de actividades dirixidas, unha sala de *fitness* e outra para masaxe. O programa de actividades dirixidas ofertadas comprende: pilates, *poolgym*, *GAP*, *body combat*, *step*, adestramento funcional, *body pump*, balance corpo e mente e bicicleta. Tamén é posible asistir a clases de natación para persoas adultas (iniciación e perfeccionamento), para crianzas (iniciación e perfeccionamento) e a actividades para bebés e matronatación. Ademais, conta cunha sala *fitness* con zonas de musculación, tonificación, adestramento funcional e cardiovascular; un espazo de actividades dirixidas con dúas salas, unha de *ciclo indoor* e outra de tonificación e coreografías e una zona exterior para a práctica de exercicio.

O centro conta con os seguintes espazos:

- Piscina de nado de 25 x 16 m
- Piscina multiúsos de 16 x 9 m
- Vaso de hidromasaxe de 16 x 2 m
- Sala de actividades dirixidas xerais
- Sala de actividades brandas

- Sala de bicicleta
- Terraza exterior

### 10.2.2. Campus de Vigo - Instinto Deportivo Vigo

O antigo Complexo Deportivo Universitario pasou a chamarse Instinto Deportivo CAD Vigo.

#### *10.2.2.1. Aboados comunidade universitaria*

| | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|
| AB. MATINAL MENSUAL | 28 | 23 |
| AB. COMPLETO MENSUAL | 61 | 31 |
| AB. AADD MEDIODÍA | 2 | 16 |

#### *10.2.2.2. Cursos de natación*

| | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|
| 7:30 (2 DÍAS) | 0 | 3 |
| 14:15 (2 DÍAS) | 4 | 2 |
| 15:00 (2 DÍAS) | 2 | 2 |

#### *10.2.2.3 Outras actividades e eventos*

Ademais de impartir clases de natación tamén ofertan zumba, ciclo-indoor, aquagym ou pilates, entre outras.

Ao longo do curso desenvolveron xornadas de primeiro contacto coa auga con distintas fundacións como ALENTO ou Igualarte, probas de capacitación para traballar no mar, xornadas para o público de Salvamento Deportivo, prácticas para probas de acceso a corpos especiais...

# 11. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

## 11.1. Zona web

Temos a disposición de todo o noso público dous elementos web. Por un lado, temos un espazo na web da Universidade de Vigo (https://www.uvigo.gal/es/campus/deporte) con catro seccións ben diferenciadas: actualidade Muver, actividades e competicións, instalacións e abonos e Happy Go Running.

Contamos con outro elemento web máis orientado á xestión, o Campus Activo (https://campusactivo.uvigo.gal/), que entrou en funcionamento nos primeiros meses do curso 2019-2020 e que substituíu a Deporxest.

### 11.1.1. Facebook

A páxina oficial da Área de Benestar, Saúde e Deporte (mUVersUVigo) continuou co seu crecemento: pasou de 3676 a 1 de setembro de 2023 a 3811 persoas seguidoras o 1 de setembro do 2023 e converteuse actualmente na rede con máis persoas seguidoras da Área. A media de publicacións da nosa páxina principal foi de dúas diarias. Seguíronse tres liñas temáticas fundamentais: a promoción da práctica deportiva competitiva e de recreación, a sensibilización en valores e competencias transversais e os estilos de vida saudables, para o que se empregou un amplo contido audiovisual.

### 11.1.2. X

A Área de Benestar, Saúde e Deporte conta cun perfil xeral en X (@muversuvigo). Durante esta etapa seguíronnos 16 novas persoas no noso perfil, que deron un resultado a día 1 de setembro do 2023 dun total de 1042.

### 11.1.3. Youtube

A Área de Benestar, Saúde e Deporte dispón tamén dunha conta de Youtube (https://www.youtube.com/user/DeportesUVigo) onde publica todos os seus vídeos.

### 11.1.4. Instagram

O perfil oficial da Área de Benestar, Saúde e Deporte en Instagram (@muversuvigo) chegou este curso aos 2375 seguidores e seguidoras (32.93 % homes e 42,33 % mulleres, restante descoñecido), o que supón un aumento de 125 persoas. O perfil das persoas seguidoras está entre os 18 e 34 anos de idade, e concéntrase sobre todo na área de Vigo. Esta é a rede social que goza de mellor saúde, vai aumentando todos os valores de maneira progresiva, e este curso comezou cunha nova estratexia co obxectivo de aumentar interacción e *engagement* que está funcionando moi ben.

